

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 24 DE ABRIL DE 2014.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:


D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez



1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/03/2014, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/03/2014.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA DA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DOS XULGADOS DE PAZ.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Delegación Territorial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 542 en data 27/03/2014, no que se achega a resolución de

concesión de subvención para sufragar os gastos do Xulgado de Paz, a cantidade para este ano que lle corresponde ao Concello segundo as cifras oficiais de poboación é de 1.562,49 euros. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DA CORUÑA DE ARQUIVO DO EXPEDIENTE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO INDUSTRIAL DE GALICIA.

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada pola xefa territorial da Consellería de Economía e Industria, rexistro de entrada neste concello co nº 604 en data 03/04/2014, ordenando o arquivo do expediente de inscrición no rexistro industrial de Galicia da instalación fotovoltaica de 15 kW situada en C/ Campo Rosario s/n (Colegio Armando Cotarelo) por non presentar a documentación requirida con data 22/07/2013.

Os membros da Xunta do Goberno Local danse por informados/as e acordan dar traslado desta resolución ao xefe de sección de coordinación de proxectos técnicos -servizo de promoción económica, turismo e emprego- da Deputación Provincial, D. Ignacio Goenaga Echeveste, para que realice, si é posible, os trámites necesarios para a posta en funcionamento desta instalación, posto que esta instalación foi subvencionada/executada/tramitada pola Deputación Provincial.

2.3.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE XESTIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS

Pola secretaria dáse conta da proposta de resolución enviada polo xefe da área de vertidos do Organismo Augas de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 566 en data 31/03/2014, relativa á solicitude de autorización de vertido de augas residuais urbanas depuradas ao regato de Viladóniga (cunca do río Ulla), procedentes do saneamento do lugar de Gándara - Santiago (t.m. Boimorto) Clave: DH.V15.44722 (antes PROV.7420) proponendo o seu outorgamento baixo unha serie de condicionantes, sendo un deles o envío dos resultados analíticos anualmente e ponse en coñecemento deste concello para que no prazo de DEZ DÍAS se manifeste a súa conformidade ou ben se presente as alegacións que se teña por convenientes. Doutro xeito, entenderanse aceptados os termos da presente proposta.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.4.- ACORDO DA AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA INCOANDO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola xefa do Servizo de Inspección Urbanística, rexistro de entrada neste concello co nº 592 en data 04/04/2014, acompañando copia do acordo de data de 14 de marzo de 2014, polo que se incoa expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras realizadas en solo de núcleo rural, sen a preceptiva licenza municipal consistentes na execución dun hórreo no lugar de Canto do Balo - Arceo. (Exp. Núm. COR/7/2014-RP1)

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN INVESTIMENTO CULTURA ANO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada neste concello co nº. 594 en data 04/04/2014 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada das actuacións

concedidas ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 239, do 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013 para dotación de equipamentos culturais e o importe a aboar 3.091,60 €.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN INVESTIMENTO PROMOCIÓN ECONÓMICA AÑO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Promoción Económica, Turismo e Emprego, rexistro de entrada neste concello co nº. 624 en data 08/04/2014 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada das actuacións concedidas ao abeiro da convocatoria publicada no BOP núm. 239, do 17 de decembro de 2012, correspondente ao exercicio 2013 para a execución da obra “Canalización de augas pluviais en Marco (Sendelle) e o importe a aboar 4.000 €.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN REDE CULTURAL AÑO 2013

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, rexistro de entrada neste concello co nº. 548 en data 28/03/2014 no que se comunica a resolución de aprobación da documentación xustificativa presentada das actuacións concedidas ao abeiro da convocatoria da Rede Cultural para o ano 2013, publicada no BOP núm. 233, do 07-12-2012 e se procederá a aboar a aportación provincial por importe de 2.135,70 €.

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.8.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014

Pola secretaria dáse conta da notificación descargada telematicamente da Deputación Provincial, Sección de Plans Provinciais, rexistro de entrada neste concello co nº 593 en data 04/04/2014, enviando circular sobre a aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014.

Financiación de proxecto de obra			
Denominación	Concello	Depu. F.P.	Total
Mellora de camiños Sendelle e S. Pedro de Brates	0,00	79.318,18	79.318,18

Subvención aplicada a gastos correntes: 118.977,28 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.9.- COMUNICACIÓN DE ALTERACIÓN DE ORDE XURÍDICO DA XERENCIA REXIONAL DO CATASTRO DE GALICIA

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo xerente rexional do Catastro de Galicia, rexistro de entrada neste concello co nº 561 en data 31/03/2014, no que comunica o acordo de inscrición a nome do Concello de Boimorto da finca onde se celebra o Festival de la Luz con referencia catastral 15010A504004120000JL

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan envían un escrito a Xerencia informándolles que non somos propietarios da finca senón usufrutuarios, solicitándolles que rectifiquen dita inscrición.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.2. AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 1/2014

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 618, con data 08/04/2014, presentada por D. Eduardo Gómez Álvarez, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Cruceiro número 7, Boimil, Boimorto, A Coruña, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Cruceiro, parroquia de Boimiil, deste termo municipal.

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Eduardo Gómez Álvarez, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 7 do lugar de Cruceiro, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

3.2.2.- AUTORIZACIÓN DO USO DO SALÓN DE ACTOS DA CASA DE CULTURA DE BOIMORTO O DÍA 03/05/2014

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Jesús Brea Cotoya con DNI 76457508B en calidade de presidente da cooperativa de produtores do campo de Boimorto, e con domicilio en Lg. Currás núm. 16, Cardeiro, Boimorto, no que solicita autorización para a utilización da casa de cultura o día 03/05/2014 de 16.00 a 20.00 h da tarde para unha reunión da asemblea xeral da cooperativa.

A Xunta de Goberno Local por unamidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar a D. Jesús Brea Costoya, o uso do salón de actos da casa de cultura para o 03/05/2014 de 16.00 a 20.00 h da tarde.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

3.2.3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 2 DE XULLO AOS ALUMNOS DO COLEXIO SAN JOSÉ JESUITAK DE DURANGO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Asier Perugorria García, en representación do Colegio San José Jesuitak de Durango, con rexistro de entrada neste Concello nº 652 con data 11/04/2014, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 45 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 2 de xullo de 2014.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria “pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia”, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Asier Perugorria García en representación do Colegio San José Jesuitak de Durango, para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 45 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 2 de xullo de 2014.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO TRINTA E CINCO EUROS (135,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

3.2.4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 7 DE XULLO AOS ALUMNOS DO COLEXIO NUESTRA SEÑORA DE BEGOÑA DE BILBAO

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Jon Jáuregui Gonzalez, en representación do Colegio Nuestra Señora de Begoña, con rexistro de entrada neste Concello nº 654 con data 14/04/2014, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo duns 40 alumnos e alumnas de 14 a 16 anos, 10 monitores e dous profesores, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 7 de xullo de 2014.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria “pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia”, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Jon Jáuregui González en representación do Colegio Nuestra Señora de Begoña, para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 40 alumnos e alumnas de 14 a 16 anos, 10 monitores e dous profesores, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 7 de xullo de 2014.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO CINCOENTA E SEIS EUROS (156,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

3.2.5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA PERNOCTAR NO POLIDEPORTIVO O PRÓXIMO 1 DE XULLO AOS ALUMNOS DO COLEXIO SAN IGNACIO DE SAN SEBASTIÁN

Pola secretaria dáse lectura ao escrito enviado por D. Iñaki Urretabizkaia Añorga, en representación do Colegio Jesuitas Ikastetxea, con rexistro de entrada neste Concello nº 662 con data 15/04/2014, no que solicita permiso para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 45 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2014.

Visto o artigo 5 do Regulamento de funcionamento do servizo de aloxamento de peregrinos do Concello de Boimorto, publicado no BOP nº 98 en data 24/05/2013.

En aplicación do artigo 6 e) da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa pola utilización do polideportivo municipal, cota tributaria “pola pernoctación no polideportivo 3 € por usuario e noite sendo necesario o pago para obter entrada que autorice a estancia”, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar o uso do polideportivo municipal a D. Iñaki Urretabizkaia Añorga, en representación do Colegio Jesuitas Ikastetxea, para pernoctar no polideportivo municipal cun grupo de 45 persoas, con motivo dunha peregrinaxe a Santiago de Compostela o día 1 de xullo de 2014.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención municipal que ascende a cantidade de **CENTO TRINTA E CINCO EUROS (135,00 €)**, que deberá ser ingresada previamente nas arcas municipais xa que sin este requisito esta autorización non producirá efecto.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado co réxime de recursos que pode interpoñer así como o número de conta para facer efectivo o pago.

3.2.6.- BAIXA NA CONEXIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 547, con data 28/03/2014 presentada por D. Ángel Salvat Gimenez con DNI 37315170Q, con domicilio a efectos de notificación en R/ Pazo nº 6 2º dereita, 15817 Boimorto, na que solicita a baixa da conexión do servizo de subministro de auga potable e do contador correspondente ao inmovible sito no lugar de Boido núm. 1, parroquia de Boimorto, deste termo municipal.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de rede de abastecemento de auga.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 05-196864 que figura a nome de D. Ángel Salvat Gimenez, correspondente ao inmovible sito no lugar de Boido nº 1 da parroquia de Boimorto, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao segundo trimestre do exercicio 2014.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Boido nº 1, parroquia de Bomorto, deste termo municipal.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- LICITACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMNTO INTEGRAL DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E OUTRAS ZONAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BIMORTO. EXPEDIENTE CSPNSP 1/2014

Visto o expediente de procedemento negociado tramitado en relación co servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto.

Aprobado o expediente por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 17/03/2014, constando no expediente informe de data 14/03/2014 de Secretaría Intervención en relación á aplicación orzamentaria municipal para a anualidade 2014 15.022706.

Remitidas invitacións para participar a: Coregal Parques e Xardíns, S.L. CIF: B-15731797; Viveiros Valadares CIF: B-70237649 e Aspas Empleo, S.L. CIF: B-70007083.

Visto o certificado de presentación de ofertas asinado pola secretaria en data 03/04/2014 que se reproduce literalmente:

<< DONA REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ, SECRETARIA INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que en cumprimento do acordo adoptado en sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada en data 17/03/2014 remitidas invitacións para a súa participación no procedemento negociado sen publicidade de contratación do servizo de conservación e mantemento integral de xardíns, zonas verdes e outras zonas públicas municipais do Concello de Boimorto e outorgado un prazo de oito días naturais para a presentación de ofertas polas tres empresas invitadas, na data de hoxe, foron presentadas por rexistro de entrada neste Concello a seguinte documentación:

1.- En tempo e forma entrega a documentación a empresa:

.- Coregal Parques e Xardín, S.L. (con CIF B-15731797) presenta:

Sobre A con entrada nº 580 en data 03/04/2014

Sobre B con entrada nº 581 en data 03/04/2014

Sobre C con entrada nº 582 en data 03/04/2014

2.- Fora de prazo entrega a documentación a empresa Viveiros Valadares (con CIF B-70237649) que a presenta en tres sobres (Rexistro de entrada 584, 585 e 586) o día 03/04/2014 e dispoñía de prazo ata o día 2/04/2014 (recibe a invitación o día 25/03/2014 como queda constancia no expediente mediante o acuse de recibo e contados oito días naturais a contar dende o seguinte remata o prazo o día 02/04/2014) polo que debería quedar fora da licitación.

3.- En relación coa terceira empresa invitada Aspas Empleo, S.L. consta no expediente con acuse de recibo a recepción da invitación municipal en data 25/03/2014 a día 03/04/2014 non foi presentada oferta polo que debería quedar fora da licitación.

E para que conste no expediente expido a presente certificación de orde e co visto e prace do Alcalde

En Boimorto o 3 de abril de 2014

Vº Prace

O Alcalde:

A Secretaria:

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Non sendo necesaria a constitución da mesa de contratación, procédese pola secretaria á apertura do sobre A da única empresa presentada a documentación en prazo de Coregal Parques e Xardíns, S.L., sobre relacionado coa acreditación de capacidade quedando esta empresa acreditada a capacidade, solvencia e a súa cualificación como Centro Especial de Empleo segundo a documentación aportada e os pregos que rexen a presente licitación.

Continúa a secretaria coa apertura do sobre B e tendo en conta o regulado no prego de cláusulas administrativas particulares así como no artigo 151 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local por unanimidade en exercicio das competencias delegadas en materia de contratación **ACORDA:**

ÚNICO.- Remitir aos servizos técnicos municipais os documentos que integran o sobre B: referencias técnicas para que emita o informe técnico de valoración tendo en conta os criterios de adxudicación previstos na cláusula 14 en relación co anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares aplicables a esta contratación.

4.2.2.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO ASISTENCIA TÉCNICA URBANÍSTICA DO CONCELLO DE BOIMORTO

Visto que na Xunta de Goberno Local celebrada o día 27/03/2014 acordou comunicar á empresa Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA) o cumprimento e necesidade de resolución do contrato de servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto asinado o 04/04/2012 e prorrogado no 2013, notificada a dita empresa a proposta de resolución, outorgando un prazo de audiencia de 10 días naturais de conformidade co artigo 109.1 a) do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, recibida notificación entregada en mano a Fernando Delgado Juega o 09/04/2014 rematando o prazo para presentar alegacións o 19/04/2014 sen que foran presentadas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Acorda a resolución do contrato de servizo de asistencia técnica urbanística do Concello de Boimorto asinado o 04/04/2012 e prorrogado no 2013 coa empresa Cerne Ingeniería S.A. (CEINSA).

SEGUNDO.- Notificar este acordo á empresa aos efectos oportunos.

4.2.3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SENDELLE E S. PEDRO DE BRATES”. EXPEDIENTE COPNSP 1/2014

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña no POS 2014 para a execución da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Sendelle e S. Pedro de Brates”.

Sendo necesario a aprobación de expediente de contratación da obra “Mellora de camiños nas parroquias de Sendelle e S. Pedro de Brates” constando no expediente proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4.657 redactado en novembro 2013 aprobado polo Pleno en sesión de data 03/12/2013 cun orzamento de execución por contrata de 79.318,18 € iva incluído (65.552,22 € sen iva + 13.765,97 € iva), constando no expediente informe de data 24/04/2014 de existencia de crédito da secretaria interventora en relación á partida do orzamento municipal para a anualidade 2014 155.4J.61900.

Visto informe de secretaría de data 24/04/2014 sobre o procedemento contractual, así como prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento negociado sen publicidade das obras comprendidas en plans provinciais da Excm. Deputación Provincial así como as prescricións técnicas que constan no propio proxecto de obras.

Considerando a necesidade deste contrato segundo o disposto nos artigos 22 e 110 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, estando esta obra subvencionada pola Excm. Diputación Provincial da Coruña no marco dos Plans Provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2014 xustificase a súa realización na necesidade de cumprimento da prestación de servizos mínimos obrigatorios no marco do establecido no artigo 26 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local no mantemento dos viais municipais e garantía da seguridade vial.

Considerando aplicable a tramitación ordinaria neste expediente en uso das facultades delegadas pola alcaldía presidencia nesta Xunta de goberno local e en aplicación do disposto no artigo 110 e na disposición adicional 2ª do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación da obra de "Mellora de camiños nas parroquias de Sendelle e S. Pedro de Brates" prevista no proxecto de obra redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº 4.657 en novembro 2013 cun orzamento de execución por contrata de 79.318,18 € iva incluído (65.552,22 € sen iva, iva 13.765,97 €) por procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, procedemento e forma utilizados que se xustifican pola contía da obra e a concreción do seu obxecto, conforme o proxecto de obras descrito acordando aplicar a tramitación ordinaria nesta contratación.

SEGUNDO.- Declarar de aplicación á presente contratación o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que constan no expediente e foi publicado pola Excm. Diputación Provincial en BOP de 01/06/2012 nº 103, xunto co de prescricións técnicas recollido no proxecto de obras, que haberán de rexer a contratación mediante procedemento negociado das obras sen publicidade, recollendo o cadro de características do contrato (anexo I) e os criterios de adxudicación concretando a súa baremación (anexo IV) no prego de condicións particulares.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 79.318,18 € sobre a partida 155.4J.61900 do anexo de inversións do orzamento municipal para a anualidade 2014.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 320.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público non se constituirá mesa de contratación no presente expediente de contratación administrativa.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación e solicitar a oferta de tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, antes de realizar a adxudicación, sempre que sexa posible, fixando coa seleccionada o prezo do contrato e deixando constancia de todo iso no expediente. Por medio do presente se acorda dirixir oferta ás seguintes empresas: *Antonio Filloy, S.A. CIF: A-36.016.665; Construcciones González y González, S.L. CIF: B-15165004 e Martínez Montes e Hijos, S.L. CIF: B-15025372.*

4.2.4.- CONTRATACIÓN MENOR DA OBRA “MANTEMENTO DE CAMIÑOS NO CONCELLO DE BOIMORTO”.

Visto o proxecto da obra “Mantemento de camiños do Concello de Boimorto” redactado polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid colexiado nº. 4.657 en novembro de 2013.

Vista a subvención outorgada pola Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural e do Mar, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de 44.337,24 €uros para o proxecto sinalado ao amparo da Resolución do 13 de setembro de 2013, pola que se aproba o plan marco programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013 (DOG núm. 116 do 30 de setembro de 2013).

Visto informe de secretaría de data 24/04/2014 sobre o procedemento contractual.

Visto informe de intervención de data 24/04/2014 sobre a existencia de crédito con cargo a partida do orzamento municipal da anualidade 2014 155.1J.61900.

